

Otonos Cooperativos

4 e 5 de decembro
2025



GRAVACIÓN DE
VÍDEO
PODCAST

ACTUACIÓN
MUSICAIS

INSCRÍBETE

Faladoiros sobre experiencias
cooperativistas coa participación
de AGACA e EspazoCoop

4 decembro | 11:30 h | **BIDAFARMA**
Cooperativa de loxística farmacéutica
Polígono Industrial do Pocomaco, nave 4A | A Coruña

5 decembro | 11:30 h | **CLUN**
Cooperativa leiteira
Gandeiría Casal Vilar
Lugar de A Portela s/n, Vilar | Touro



Otonos Cooperativos

2025

Os **'OUTONOS COOPERATIVOS'** son encontros inspiradores para visibilizar a fórmula e os valores cooperativos a través de experiencias reais de cooperativas asentadas no territorio galego.

Esta iniciativa está promovida pola 'Consellería de Emprego, Comercio e Emigración' e conta coa participación de entidades representativas das cooperativas galegas, como son AGACA e ESPAZOCOOP.

Formato VIDEOPODCAST

Desta vez, os faladoiros que tradicionalmente caracterizaron aos Otonos Cooperativos transfórmanse en dous videopodcasts de 50 – 60 min. con actuacións musicais en directo e nos que as coñecidas presentadoras de "O Faiado Podcast" guiarán un evento para descubrir dúas experiencias cooperativistas de éxito dun xeito ameno e inspirador.



"O Faiado Podcast", un espazo de entrevistas que mestura entretenemento e pensamento crítico, fíxose un oco no ecosistema dixital galego dos últimos anos. Un espazo no que descubrir novas voces e perspectivas sobre a sociedade contemporánea que en 2024 gañou o premio Youtuebeira Revelación e o galardón á mellor canle do Carballo Interplay.

4 decembro

BIDAFARMA

A Coruña

Faladoiro con representante da cooperativa, de EspazoCoop e da Consellería de Emprego, Comercio e Educación.

Cooperativa de distribución maiorista de medicamentos que atende cada día a máis de 10.000 farmacias.



Actuación musical de PARACETAFLK


Premio Martín Códax 2025 a Artista Emerxente, a banda da Costa da Morte acaba de presentar NUS, o seu último traballo.



5 decembro **CLUN** Touro

Faladoiro con representante da cooperativa, de AGACA e da Consellería de Emprego, Comercio e Educación.

A maior cooperativa leiteira de Galicia



*Actuación
musical por
confirmar*

Público participante

Serán persoas asesoradas polos profesionais que forman parte de cooperativas, Polos de emprendemento e apoio ao emprego, estudantes universitarios e público xeral. Requerirase inscrición previa a través de formulario. Aforo máximo de 50 persoas.

Ligazón de inscrición

<https://forms.gle/xYDrQHNBsHf2Da6z6>

O videopodcast será despois publicado en youtube e compartido en redes polas propias cooperativas, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as asociacións de cooperativas participantes chegando deste xeito a un público moito máis amplo.

2025

Ano Internacional das Cooperativas

Neste 2025, os Outonos Cooperativos acadan se cadra maior relevancia ao conmemorarse o Ano Internacional das Cooperativas. Serán, estes dous eventos localizados, a antesala da Gala de Clausura deste ano de celebración que terá lugar en Santiago de Compostela o 11 de decembro e no que a ONU quere poñer o foco no papel transformador que este modelo empresarial ten no desenvolvemento sostible, a inclusión social e o empoderamento económico das comunidades.

